



Informe: Solicitud aclaración expd. 3572/11 “ Subministro por lotes do vestiario e calzado para o persoal dependente do Instituto Municipal dos Deportes”

Atendendo a solicitude de aclaración de diversos aspectos do prego de prescricións técnicas particulares, procede a emisión do presente informe aclaratorio:

1.- Con relación ao apartado 2.b das especificacións xerais.

b.- Os licitadores presentarán como mostras o modelo de prendas ou elementos a subministrar obxecto deste prego, coas características, cores e serigrafías iguais as que van a entregar, de acordo coas especificacións técnicas definidas neste prego.

Solicítase:

Ao non aclarar o tipo de cores, nin as serigrafías, nin bordados que se deben utilizar nas mostras a presentar, solicítase presentar ditas mostras sen as serigrafías oportunas, xa que lles é imposible presentalas con serigrafía.

Aclaración:

No PPTP non se especifica nin logotipo nin os pantóns para as serigrafías ou bordados, polo que tendo en conta esta circunstancia, e a aclaración solicitada considerase que na interpretación do apartado 2.b, se deberá atender o seguinte criterio:

“Na presentación das mostras das ofertas non será necesario presentar estas serigrafías ou bordadas. Soamente será necesario que os licitadores indiquen as características da tipoloxía de serigrafías a empregar e a diversidade de cores a utilizar para o marcaxe das diversas prendas”.

2.- Con relación ao apartado 2.2 Lote 1.-Características técnicas do calzado de traballo: existen dous sub-apartados “1.2. Zapatos pel piso de goma cor negra para uniforme de señora”, entendemos que hai un erro tanto na enumeración, como o contido de dito apartado.

Solicítase:

Non telo en conta e elimínalo do prego de cláusulas técnicas

Aclaración:

Existe un erro material. O contido do apartado 2.2.1.2 Zapato feminino de pel, debe ter a consideración da definición das características do zapato para señora do apartado Zapatos pel piso goma cor negra para uniforme señora que aparece como 1.2.



3.- Con relación ao apartado 2.2 Lote 1: Características técnicas do calzado de traballo:

Indicase que aparecen dúas descrições de zapatos, unha referente a zapatos de cabaleiro e outra referente a zapatos de muller, pero no cadro que aparece no apartado 3.- Unidades por lotes, solo se fai mención aos zapatos de verán e de inverno, sen especificar as cantidades que se corresponden a homes e a mulleres.

Solicítase:

Aclaración sobre as unidades que se correspondan a zapatos de verán de cabaleiro, zapatos de verán muller, zapatos de inverno cabaleiro, zapatos de inverno muller.

Aclaración

Como zapatos de verán o PPTP indica 56. A súa distribución e a seguinte:

As unidades de zapatos verán cabaleiro deben ser:47

As unidades de zapatos verán muller deben ser:9

Como zapatos de inverno o PPTP indica 60. A súa distribución e a seguinte:

As unidades de zapatos inverno cabaleiro deben ser:49

As unidades de zapatos inverno muller deben ser:11

4.- Con relación ao apartado 2.2.3 Zapato de traballo de seguridade con código S3, aparece a descrición dun zapato S1P “ realizado en pel de serrase e felpa acolchados, e tecidos transpirables, con cordóns e cosido; solo antideslizante e flexible; punteira reforzada con elemento de seguridade non metálico; sistema antitorsión; plantilla anti-perforación e pinchazos de aceiro; piso antideslizante, resistente a abrasión e ergonomía; absorción da enerxía na zona do talón; punteira de protección resistente a 200 xulios mínimos”, entendemos que hai incongruencia entre o título do apartado e a descrición do mesmo:

Solicítase: aclaración sobre o tipo de zapato que se está solicitando.

Indicar:

Debido a un erro material indicouse o código S3 cando debería aparecer o código S1P. Débese por tanto ter como válida as características descritivas do calzado de traballo de seguridade que recolle o prego de condicións técnicas particulares e non así o código S3 que aparece, sendo este substituído polo S1P.

Vigo, 7 de xullo de 2015

O director técnico do IMD

José Ángel Lago Filgueira

